

HISTORIA DA MÚSICA

Opción A (teórico)

TEMA: *O Canto Gregoriano.*

- a) O repertorio gregoriano: pezas da Misa e do Oficio.
- b) A reforma de Solesmes.

Opción A. Definicións:

- 1. *Introito.*
- 2. Pentagrama.
- 3. Antifonario.
- 4. A melodía gregoriana (características).

Opción B (teórico)

TEMA: *A música instrumental.*

- a) Instrumentos na orquestra sinfónica.
- b) Os instrumentos populares en Galicia. As súas características.

Opción B. Definicións:

- 1. Fagot.
- 2. A música tradicional.
- 3. *Concerto grosso.*
- 4. A cor instrumental.

Audicións (práctico)

1ª opción. (4 minutos)

- a) Identificar a obra e datación aproximada.
- b) O autor.
- c) Ambiente e contexto cultural.
- d) Xénero ó que pertence.

2ª opción. (4 minutos)

- a) Identificar a obra e datación aproximada.
- b) Indicar o autor e o seu contexto.
- c) Xénero ó que pertence.
- d) Describir a formación orquestral que se escoita.

HISTORIA DA MÚSICA

Opción A (teórico)

TEMA: *A música teatral en España, séculos XIX e XX*

- a) A zarzuela
- b) Autores máis representativos

Definicións

- 1. Italianismo
- 2. Timbales
- 3. Preludio
- 4. Dúo

Opción B (teórico)

TEMA: *O Clasicismo*

- a) Características xerais do Clasicismo
- b) O clasicismo vienés (Haydn e Mozart)

Definicións

- 1. Rondó
- 2. Cuarteto de cordas
- 3. Pizzicato
- 4. Ballet

Audicións (práctico)

1ª opción

- a) Identificar a obra e data-la
- b) Indicar o autor e o seu contexto
- c) Instrumentos participantes
- d) Xénero da obra

2ª opción

- a) Identificar a obra
- b) Indicar o autor e datación aproximada
- c) Contexto
- d) Xénero da obra

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIA DE XUÑO

Con carácter xeral, son válidos os criterios fixados no DOGA. Valorarase, asimesmo, a capacidade do alumno para encuadrar adecuadamente a forma musical obxecto de exame, ben en pregunta teórica ben en audición, no contexto histórico que lle deu orixe, aportando canto máis datos poida sobre a devandita forma musical, as súas características propias, o estilo do compositor, o seu lugar na sociedade do momento, etc.

Máis concretamente: na opción A (teórico): O canto gregoriano, se terá en conta a contextualización de pezas musicais da liturxia (Misa e Oficio), aínda que a relación e características específicas non sexan pomenorizadas. Valorarase, asimesmo a mención de Solesmes en relación coa restauración do Canto gregoriano a finais do XIX, téndose igualmente en conta o comentario ou cita de calquera dos principios por eles establecidos. Na opción B (teórico): A música instrumental se terá en conta a capacidade clasificatoria do alumno verbo dos instrumentos da orquesta; así como unha referencia dos instrumentos populares cara os usos e costumes de Galicia neste senso (historia, antropoloxía, cultura, danzas, discografía, etc.).

En canto a proba específica de audición, valorarase que o alumno poida encadrar adecuadamente no seu período histórico exacto, recoñecendo, a ser posible, a obra de que se trata. Asimesmo, determinar a súa forma musical, os instrumentos que nela concorren, os trazos estilísticos que a caracterizan e o lugar que ocupa na produción musical do compositor, naqueles casos nos que esta información poda

obterse/ deducirse da audición. Todos estes aspectos deberán ser desenvolvidos cunha lóxica interna na que prime, ademais dos criterios antes sinalados, o principio da non existencia de ideas contradictorias o incompatibles dentro do mesmo comentario en particular e en xeral de todo o exame.

Máis concretamente: na primeira opción (A consagración da primavera) ás preguntas plantexadas angadirase un plus de valoración a enumeración do papel do autor (I. Stravinski) nas vangardas europeas do século XX. Na segunda opción (Brandemburgo n. 2 (1er mov.) se terá en conta calquera comentario engadido sobre o uso da orquesta por parte de Bach e coetáneos (aínda que se desenvolva con criterios históricos ou estilísticos).

CUALIFICACIONES

1.- Habrá dous bloques, teórico/ práctico, que globalmente terán a puntuación de 6/ 4 (6 o teórico, 4 o práctico).

Teórico	(6 puntos)
Tema	4 puntos
Definicións	2 puntos
Práctico	(4 puntos)

TEMAS:

Audición 1: Igor Strawinski, *A consagración da primavera*.

Audición 2: J.S. Bach, *Concerto de Brandemburgo n.º 2* (1º movemento)

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Con carácter xeral, son válidos os criterios fixados no DOGA. Valorarase, asimesmo, a capacidade do alumno para encuadrar adecuadamente a forma musical obxecto de exame, ben en pregunta teórica ben en audición, no contexto histórico que lle deu orixe, aportando canto máis datos poida sobre a devandita forma musical, as súas características propias, o estilo do compositor, o seu lugar na sociedade do momento, etc.

En canto a proba específica de audición, valorarase que o alumno poda encadrar adecuadamente no seu período histórico exacto, recoñecendo, a ser posible, a obra de que se trata; asimesmo, determinar a súa forma musical, os instrumentos que nela concorren, os trazos estilísticos que a caracterizan e o lugar que ocupa na produción musical do compositor, naqueles casos nos que esta información poda obterse/ deducirse da audición.

Todos estes aspectos deberán ser desenvolvidos cunha lóxica interna na que prime, ademais dos criterios antes sinalados, o principio da non existencia de ideas contradictorias o incompatibles dentro do mesmo comentario en particular e en xeral de todo o exame.

CUALIFICACIONES

1.- Habrá dous bloques, teórico/ práctico, que globalmente terán a puntuación de 6/ 4 (6 o teórico, 4 o práctico).

Teórico	(6 puntos)
Tema	4 puntos
Definicións	2 puntos
Práctico	(4 puntos)

Audición 1: W.A. Mozart, *Pequena serenata nocturna* (4º movemento)

Audición 2: M. de Falla. *O amor bruxo* (Danza ritual do lume)